

Normas de estilo de *Verba. Anuario Galego de Filoloxía*

[versión 5, abril de 2022]

1. O texto xeral do traballo e a bibliografía final escribíranse con letra **Cambria**¹ de corpo 12, espaciado 1,5. As notas de rodapé, as citas en parágrafo á parte e con sangrado e os superíndices e subíndices escribíranse con letra de corpo 10. O título do traballo aparecerá con letra de corpo 14.

2. Os orixinais estarán debidamente redactados e puntuados. Recomendamos, sempre que isto sexa posible, que se estruturen en diversas seccións encabezadas por epígrafes, e sempre coa máxima claridade. Nesta estruturación evítase sobrepassar os tres graos de profundidade, de maneira que poderán existir as epígrafes 1.3.2 ou 4.2.1, pero non se recomentan os do tipo 1.2.3.1 nin a 4.2.1.2.

3. Os artigos e as notas deberán ir encabezados da seguinte maneira:

Título do artigo ou da nota: centrado con minúscula negra de corpo catorce; exemplo:

A mensaxe publicitaria na Idade Media

Título en inglés (ou en galego ou español, en caso de estar escrito o traballo en inglés): Cambria, redonda e negra, corpo 11.

The advertising message in the Middle Ages

Autor/a ou autores / Nome completo (unha vez aprobado o traballo): Cambria, corpo 11, versaleta, centrado.

NOME COMPLETO DE AUTOR/A

Institución / Nome completo (unha vez aprobado o traballo): Cambria, corpo 10, itálica, centrado.

Institución

RESUMO: (breve, máximo 250 palabras): Cambria, corpo 10, redonda.

Palabras chave: entre tres e seis, separadas por punto e coma, en minúscula. Cambria, corpo 10, redonda.

ABSTRACT: resumo traducido ao inglés; se o texto está en inglés, o *abstract* debe aparecer primeiro, seguido da súa tradución (*resumo*) a galego ou castelán. Cambria, corpo 11.

¹ Este é o tipo de letra escollido polo SPIC para a *Folla de Estilo* das revistas da USC desde a implantación do servizo JATS HTML con automaquetación (ano 2021). Para facilitar o cotexo dos orixinais cos textos maquetados, tomamos a decisión de cambiar a letra Times por Cambria. Na versión final do .pdf haberá outros cambios tipográficos que non afectan a estas normas.

Keywords: as palabras chave traducidas ao inglés, separadas por coma, en minúscula. Cambria, corpo 10.

As versións orixinais do resumo e das palabras chave redactaranse na lingua en que estean escritos o artigo ou a nota. Estes textos deben coincidir cos que introduzan os/as autores/as na sección “Envío de metadatos” da plataforma de xestión informática da revista. Os editores comprobarán, antes do envío a avaliadores, que os metadatos dos traballos estean introducidos en dúas linguas (orixinal e inglés). Recoméndase aos autores que sometan o título, o resumo e as palabras chave en inglés a unha revisión por falantes nativos.

4. As recensións encabezaranse coa ficha bibliográfica completa do traballo comentado en letra negra, tal coma nos seguintes exemplos:

Gerd Wotjak (ed.). 2000. *En torno al sustantivo y adjetivo en español actual. Aspectos cognitivos, semánticos, (morfo)sintácticos y lexicogenéticos*, Frankfurt am Main: Iberoamericana/Vervuert [448 pp.]. ISBN: 84-95107-83-X.

Eugenio Coseriu. 2016. *La semántica en la lingüística del siglo xx: tendencias y escuelas* (pról. de Gregorio Salvador; ed. e introd. de Maximiano Trapero), Madrid: Arco/Libros [248 pp.]. ISBN: 978-84-7635-945-7.

O nome do autor ou da autora da recensión poñerase ao final indicando a institución ou centro ao que pertence. Non se admitirán recensións feitas por autores que pertencen á mesma institución ca os do libro recensionado.

5. As comiñas por defecto serán as altas dobres (“”). Se for preciso un segundo nivel de aspeado, recorrerase ás comiñas altas simples (‘ ’), que tamén se empregarán para destacar tipograficamente significados, sentidos ou conceptos.

Las citas literais que non superen as tres liñas situaranse no texto principal, entre comiñas (“”) e con letra redonda (nunca itálica) de corpo doce. As citas literais máis longas colocaranse en parágrafo a parte, con sangría pola esquerda, con letra de corpo 10 e sen comiñas. Tanto para integracións de palabras no texto citado como para supresións, empregaranse os corchetes ([]).

Como delimitador de incisos poderá usarse a raia (—), pero non o guión (-) nin o signo menos (-).

6. Cando se propoñan exemplos, estes poderanse situar fóra do texto ou incorporados a el. No caso de optar pola primeira posibilidade, irán numerados

correlativamente, a primeira letra do exemplo será maiúscula e o estilo da letra, o redondo. Véxase un exemplo:

Imos analizar as seguintes secuencias:

(1) Acabo de chegar de Lisboa.

(2) Mañá marchó para París.

No caso de introducir unha serie de exemplos relacionados, poderase optar por numeralos individualmente ou por agrupalos como (1a), (1b), (1c), etc.

Cando se opte por incorporar os exemplos ao texto do traballo, deberase comezar igualmente con maiúscula e utilizarase a itálica. Exemplo:

Imos analizar as secuencias *Acabo de chegar de Lisboa* e *Mañá marchó para París*.

7. As notas presentaranse a pé de páxina e numeradas correlativamente. As chamadas das notas dentro do texto deberanse compoñer en superíndice, coma no seguinte exemplo:

Seguiremos a clasificación proposta por Joseph M. Piel¹.

Nestes casos o punto, a coma ou o punto e coma poñeranse sempre despois do número en superíndice, nunca antes. Se hai comiñas, situaranse sempre antes do número da nota ou, de ser o caso, antes do punto, da coma ou do punto e coma:

A) Segundo Christian Schmitt, “también el portugués actual padece bajo las reglas extremadamente arduas para la transformación de la lengua hablada en lengua escrita”¹.

B) Esas son as chamadas “linguas por elaboración”¹.

Recomendamos que non se abuse das notas e que estas non sobrepasen as dez liñas de extensión.

8. As obras citadas no texto indicaranse ao final do traballo baixo o rótulo de **Bibliografía** (letra negra e centrada) seguindo a orde alfabética dos apelidos.

9. As entradas bibliográficas compoñeranse seguindo as seguintes normas de citación, baseadas no estándar ISO 690:2010, con adaptacións en aspectos puntuais.

9.1. Autores

APELIDO(S), Nome de pila completo (os apelidos dos autores deben ser os mesmos no texto e nas referencias). Recoméndase respectar os datos de autoría que aparecen na obra referenciada.

Non se deben abreviar os datos dos autores na bibliografía, aínda que si é aconsellable facelo nas remisións bibliográficas dentro do texto cando o número de autores é superior a dous (Pérez Vázquez *et al.*). (máis detalles en §10.3).

Dous autores ou máis: sepáranse con **punto e coma**.

a) Referencias: APELIDOS, Nome; APELIDOS, Nome; APELIDOS, Nome. ano.

b) No texto. Dous autores: separados por conxunción copulativa (na lingua que corresponda; & en inglés); máis de dous: separados por **coma e** conxunción copulativa diante do último (na lingua de redacción do traballo; & en inglés)

Cando se trate dun capítulo dun libro, os nomes dos editores dentro da entrada irán separados por comas (*vid.* un exemplo en §9.7)

9.2. Libros

Nas referencias bibliográficas de libros; os anos **van sen parénteses; punto antes e despois**.

FERNÁNDEZ SALGADO, Benigno. 2001. *Os rudimentos da lingüística galega: un estudio de textos lingüísticos galegos de principios do século XX (1913-1936)*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

ALCINA FRANCH, Juan; BLECUA, José Manuel. 1998 [1975]. *Gramática española*, 10.^a ed., Barcelona: Ariel.

LEVINSON, Stephen C. 2004 [2000]. *Significados presumibles. La teoría de la implicatura conversacional generalizada*, Madrid: Gredos.

É opcional especificar a identidade dos responsables secundarios, como tradutores, prologuistas, ou dos responsables da edición crítica ou das notas (non citados de forma independente). Se se opta por facelo, ao estimar que resulta relevante para identificar a obra, esta información figurará entre parénteses, como se indica nos seguintes exemplos:

SALVÁ, Vicente. 1988 [1830]. *Gramática de la lengua castellana según ahora se habla* (estudio y ed. Margarita Llitas), Madrid: Arco/Libros.

SAUSSURE, Ferdinand de. 1986 [1916]. *Curso de lingüística general*, 24.^a ed. (trad., pról. y notas A. Alonso), Buenos Aires: Losada.

Cando existan dous lugares de edición ou dúas editoriais, basta con indicar a principal; en calquera caso, non se especificarán máis de dous lugares nin máis de dúas editoriais. Queda a criterio dos autores especificar os datos dunha colección.

Cando se cite unha obra a partir dunha reedición, sinalarase entre parénteses o ano da edición empregada e, dentro destes, e entre corchetes, o ano da primeira edición. Así: Michaëlis (1990 [1904]) ou (Michaëlis 1990 [1904]). Este dato ten que constar na bibliografía final e tamén nas remisións bibliográficas no corpo do traballo. Como se ve nos exemplos previos, a bibliografía final debe ofrecer información identificadora da edición manexada; porén, se se desexa facilitar algún dato adicional sobre a primeira edición, pode facerse ao final da referencia, trala mención da editorial.

9.3. Teses de doutoramento

MILSARK, Gary L. 1974. *Existential sentences in English* [tesis doctoral], Cambridge (MA): Massachusetts Institute of Technology.

9.4. Libro en soporte electrónico local

GÓMEZ ASENCIO, José Jesús (comp.). 2001. *Antiguas gramáticas del castellano* [CD-ROM], Madrid: Fundación Tavera / Digibis.

9.5. A cita dos recursos electrónicos remotos, non locais (CD, DVD), que carecen de identificador DOI, irá acompañada sempre da data de última consulta. Así: [17/10/2016].

OLZA MORENO, Inés; CASADO VELARDE, Manuel; GONZÁLEZ RUIZ, Ramón (eds.). 2008. *Actas del XXXVII Simposio Internacional de la Sociedad Española de Lingüística*, Pamplona: Universidad de Navarra.
<http://www.unav.es/linguis/simposiosel/actas/> [15/3/2012].

9.6. Libro en soporte electrónico remoto (en liña) con identificador DOI:

VERVECKKEN, Katrien. 2015. *Binominal quantifiers in Spanish. Conceptually-driven analogy in diachrony and synchrony*, Berlin/New York: Walter de Gruyter. <https://doi.org/10.1515/9783110406733>.

Para localizar o DOI, debe consultarse o [portal de buscas CrossRef](#), que non require rexistro: cópanse as referencias (separadas por punto e á parte para que o programa lles asigne unha liña a cada unha); o portal responde á busca engadindo o DOI nos casos en que exista.

É obrigatorio buscar os DOI das entradas da bibliografía e incluír nela os que se localicen nesta busca; así mesmo, os autores deberán verificar que os DOI se corresponden efectivamente coa obra referida e que a ligazón funciona.

De non haber DOI, os localizadores das referencias deben remitir á fonte principal (páxina oficial da revista, repositorios institucionais).

9.7. Capítulo de libro

Título do capítulo, sen comiñas, en redonda. Separado por un punto. A seguir, a referencia do libro: En Editor, Editor... y Editor (eds.), *Título libro en cursiva*, Cidade: Editorial, páxinas.

VARELA BARREIRO, Francisco Xavier; PICHEL GOTÉRREZ, Ricardo. 2009. O corpus do galego medieval: o Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega (TMILG). En Andrés Enrique Arias (ed.), *Diacronía de las lenguas iberorrománicas: nuevas aportaciones desde la lingüística de corpus*, Madrid: Iberoamericana / Vervuert, 195-215.

KOVACCI, Ofelia. 1999. El adverbio. En Ignacio Bosque e Violeta Demonte (dirs.), *Gramática descriptiva de la lengua española*, Madrid: Espasa, vol. 1, 705-786.

CORTÈS-COLOMÉ, Montserrat. 2011. Els alumnes acaben l'escolarització obligatòria amb dèficits en els coneixements de castellà pel fet d'estudiar (principalment) en llengua catalana? En Miquel Strubell i Trueta, Llorenç Andreu Barrachina, Elena Sintés Pascual e Melina Aparici Aznar (coords.), *Resultats del model lingüístic escolar de Catalunya: l'evidència empírica*, Barcelona: Universitat Oberta de Catalunya, 23-28.

9.8. Artigos en revistas

Os nomes dos artigos van en redonda sen comiñas. Os nomes das revistas, en cursivas e con maiúscula inicial en tódalas palabras con significado pleno. Volume da revista, en redonda, inmediatamente despois. Se nun volume hai varios números, este último dato preséntase entre parénteses unido ó volume da revista sen cursiva: *Revista de Filoloxía* 16(2), 41-67. Se en vez de páxinas, hai e-locator, debe ir este: *Loquens* 6(1), e057.

SUÑER, Margarita. 1988. The role of agreement in clitic-doubled constructions. *Natural Language & Linguistic Theory* 6(3), 391-434.

CATALÁN, Diego. 1953. Inflexión de las vocales tónicas junto al Cabo de Peñas. *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* 9, 405-415.

CHOMSKY, Noam; LASNIK, Howard. 1977. Filters and control. *Linguistic Inquiry* 8, 425-504.

DOBROVIE-SORIN, Carmen. 1990. Clitic doubling, wh-movement and quantification in Romanian. *Linguistic Inquiry* 21(3), 351-397.

Evitarase o uso de siglas nos campos relativos aos títulos de publicación periódicas e de editoriais ou institución académicas: *Círculo de Lingüística Aplicada a la Comunicación* (e non *CLAC*).

Cando no texto se empreguen siglas (ASALE, RAG, TILG, etc.) na bibliografía final debe constar a sigla e o nome completo da institución ou recurso:

RAE y ASALE 2005 = Real Academia Española; Asociación de Academias de la Lengua Española. 2005. *Diccionario panhispánico de dudas*, Madrid: Santillana.

DEA = SECO, Manuel; ANDRÉS, Olimpia; RAMOS, Gabino. 1999. *Diccionario del español actual*, Madrid: Aguilar.

10. As citas ou remisións bibliográficas dentro do texto levarán o seguinte formato:

10.1. Un/a autor/a: Apelido (ano: páxinas) ou (Apelido ano: páxinas). Os apelidos deben figurar como estean na bibliografía —co número de apelidos alí especificados—, e nesta, como aparezan no traballo citado. Pérez (2018: 3) ou (Pérez 2018: 3). Nas citas en parágrafo á parte, sen comiñas a referencia vai despois do punto final entre parénteses, sen máis signos:

Lorem ipsum dolor sit amet, consectetur adipiscing elit. Fusce mollis volutpat rutrum. Nulla quis quam justo. Aenean in velit vel felis dignissim vestibulum vel nec libero. Donec eget sem at magna varius tristique ut ac eros. Ut venenatis, purus vel dapibus luctus, ipsum sem sagittis nibh, non placerat felis nibh at magna. Donec rutrum purus ac turpis tristique volutpat. Nullam vitae risus odio. (Pérez 2018: 3)

10.2. Dous autores/as: (Pérez e Vázquez 2018: 3) ou Pérez e Vázquez (2018: 3), deixando un espazo en branco antes e despois da conxunción copulativa.

10.3. Tres autores/as. No texto só se cita o primeiro autor (a primeira autora) seguido de *et al.* (en cursiva, con abreviatura): Pérez *et al.* (2018: 3) ou (Pérez *et al.* 2018: 3).

Se pode crear confusión por haber varios Pérez *et al.* que coincidan no ano, no texto débense pór os apelidos de todos os autores, separados por comas e conxunción copulativa no último: Pérez, Vázquez e Rodríguez (2018: 3) ou (Pérez, Vázquez e Rodríguez 2018: 3)

10.4. No interior do texto, a orde de cita das referencias bibliográficas dependerá do criterio do autor ou da autora (orde cronolóxica, por interese para o estudo, etc.).

11. Para realzar tipograficamente as unidades mencionadas, é dicir, as empregadas con función metalingüística, empregarase a cursiva:

O termo *morfema* é polisémico.

A letra itálica tamén poderá ser empregada para destacar texto; o subliñado só será empregado en situacións excepcionais nas que se precisen dous niveis distintos de realce para un mesmo exemplo.

12. As siglas ou abreviaturas de títulos de obras e de recursos electrónicos irán en versaletas, e cando se citen no texto tamén en cursiva. Levarán cursiva tamén as siglas dos manuscritos.

13. Os títulos de táboas, gráficos ou imaxes colocaranse debaixo destes en letra 9.

14. A letra versaleta será empregada para escribir as voces latinas ou as etimoloxías, para dar conta dun acento de foco nos exemplos, para a escritura dos séculos e tamén para as siglas:

OCŪLUM > ollo

FRAMBOESAS é o que compramos, non morangos.

Esta corrente xorde a mediados do século XIX.

Como sinala o *DRAG*

15. Para as transcricións fonéticas e fonolóxicas empregarase o estándar internacional (AFI). Para texto con caracteres distintos dos latinos, débense usar caracteres UNICODE.

16. Empregaranse as seguintes abreviaturas:

cap., caps. = capítulo(s)

Cf. = *confer*

col. = columna

coord., coords. = coordinador/a, coordinadores/as

dir., dirs. = director/a, directores/as

ed., eds. = edición e editor/a, edicións e editores/as

fasc., fascs. = fascículo(s)

f., ff. = folio(s)

i. e. = *id est*

ib. = *ibidem*

id. = *idem*

infra = (remisión inferior)

introd. = introdución

loc. cit. = *loco citato*

ms., mss. = manuscrito(s)

núm., núms. = número(s)

p. ex. = por exemplo

p., pp. = páxina(s)

pról. = prólogo

s. a. = sen ano

s. l. = sen lugar

supra = (remisión superior)

s. v. = *sub voce*

s., ss. = seguinte(s)

t., tt. = tomo(s)

trad., trads. = tradución e tradutor/a, tradutores/as

Univ. = Universidade

v., vv. = verso, versos

v. g. = *verbi gratia*

vide ou *vid.* = *videre*

vol., vols. = volume, volumes